



XUNTA DE GALICIA  
 REGISTRO ELECTRÓNICO

Saída 591887 / RX 830653

Data 26/06/2020 10:01:20



**NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 25 DE XUÑO DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL, DUNHA SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA REALIZADA POR [REDACTED]**

De conformidade co artigo 40 e concordantes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notifícolle que con data do 25 de xuño de 2020, a Directora Xeral de Patrimonio Natural ditou unha resolución co texto íntegro seguinte:

“

PROCEDIMENTO: ACCESO Á INFORMACIÓN AMBIENTAL	
Expediente	IAB-017/2020
Solicitante	[REDACTED]
Entidade	Acivro Consultoría de Medio Ambiente, S.L. [REDACTED]
Enderezo a efectos de notificación	[REDACTED]

**ANTECEDENTES**

- Con data do 08.05.2020 tivo entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia (rexistro de entrada 2020/804691) un escrito presentado por [REDACTED] mediante o que solicita á Dirección Xeral de Patrimonio Natural acceso á información cartográfica das especies *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros*, *Gallinago gallinago* e *Circus pygargus*, recollida nos documentos técnicos de base das propostas de plans de conservación e recuperación de ditas especies así como ditos documentos.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

- A Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE) define a información ambiental como toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verse sobre distintas cuestións, entre elas o estado dos elementos do ambiente, como o aire e a atmosfera, a auga, o solo, a terra, as paisaxes e espazos na-





turais, incluídos as zonas húmidas e as zonas mariñas e costeiras, a diversidade biolóxica e os seus compoñentes, incluídos os organismos modificados xeneticamente; e a interacción entre estes elementos.

- II. Esa mesma lei regula no seu Capítulo III do Título II o acceso á información ambiental logo de solicitude. O artigo 10 deste capítulo establece que as solicitudes de información ambiental deberanse dirixir á autoridade pública competente para resolvelas e tramitaranse de acordo cos procedementos que se establezan para o efecto, e que se entenderá por autoridade pública competente para resolver unha solicitude de información ambiental aquela en cuxo poder figura a información solicitada, directamente ou a través doutros suxeitos que a posúan no seu nome.
- III. Parte da información obxecto da solicitude encádrase dentro das causas de excepción á obriga de facilitar a información ambiental por parte das autoridades públicas descritas no artigo 13 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, porque se considera que a revelación da información solicitada pode afectar negativamente á protección do medio a que se refire a información solicitada, en particular, a que se refira á localización das especies ameazadas ou á dos seus lugares de reprodución.
- IV. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece no seu artigo 25 que o dereito de acceso á información pública só poderá ser limitado ou denegado nos supostos previstos na normativa básica. Engade, ademais, que naqueles casos nos que a aplicación dalgunha limitación non afecte á totalidade da información, e sempre que sexa posible, concederáse o acceso parcial, omitindo a información afectada pola limitación, agás que a información resultante sexa equívoca ou carente de sentido.
- V. A solicitude non se atopa dentro das causas de non admisión recollidas no artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- VI. Con data do 25.06.2020, o Servizo de Conservación da Biodiversidade da Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitiu un informe sobre a solicitude de información pública, no que se conclúe que se atopa entre os supostos previstos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, polo que propón a admisión da solicitude recibida e dar acceso á parte da información solicitada que non se refira de xeito detallado á localización das especies ameazadas ou á dos seus lugares de reprodución.
- VII. Este expediente foi tramitado conforme ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- VIII. A competencia para a resolución destes procedementos corresponde á directora xeral de Patrimonio Natural, de conformidade co disposto no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Por todo o exposto, **RESOLVO**





**Primeiro.** Admitir a solicitude de información pública presentada por [REDACTED], o 08.05.2020, ao atoparse entre os supostos recollidos na previstos na Lei 19/2013, do 9 de decembro.

**Segundo.** Dar acceso á seguinte información ambiental propiedade da Xunta de Galicia:

- Arquivo pdf das páxinas referentes ás especies *Rhinolophus ferrumequinum* Schreber e *Rhinolophus hipposideros* Bechstein do documento técnico denominado "Plan integral de conservación dos morcegos cavernícolas de Galicia: *Rhinolophus euryale* Blasius, *Rhinolophus ferrumequinum* Schreber, *Rhinolophus hipposideros* Bechstein e *Miniopterus schreibersii* Kuhl" (2009), que non se refiren de xeito detallado á localización das especies ameazadas ou á dos seus lugares de reprodución. Sinálanse, en calquera caso, as páxinas do documento orixinal que foron eliminadas atendendo ao establecido na letra h) do artigo 13 da Lei 27/2006, do 18 de xullo.
- Información xeorreferenciada, correspondente á zonificación proposta para as especies *Rhinolophus ferrumequinum* Schreber, e *Rhinolophus hipposideros* Bechstein no documento técnico denominado "Plan integral de conservación dos morcegos cavernícolas de Galicia: *Rhinolophus euryale* Blasius, *Rhinolophus ferrumequinum* Schreber, *Rhinolophus hipposideros* Bechstein e *Miniopterus schreibersii* Kuhl" (2009), que incorpora os refuxios visitados en época de reprodución en 2008 e 2009 e en inverno en 2009, cun buffer de 15 Km, e os refuxios recollidos na base de datos do documento denominado "Bases para o desenvolvemento dunha estratexia de conservación da comunidade de quirópteros en Galicia, con especial atención aos lugares da Rede natura 2000" (2006) cun buffer de 5 km no ámbito do concello de Montederramo (Ourense). Esta información preséntase como arquivos shapefile (.shp) de Esri, referidos ao sistema de referencia UTM ETRS89 fuso 29.
- Arquivo pdf das páxinas do documento técnico denominado "Plan de Recuperación da poboación nidificante de Agacha común (*Gallinago gallinago* L.) en Galicia" (2018), que non se refiren de xeito detallado á localización das especies ameazadas ou á dos seus lugares de reprodución. Sinálanse, en calquera caso, as páxinas do documento orixinal que foron eliminadas atendendo ao establecido na letra h) do artigo 13 da Lei 27/2006, do 18 de xullo.
- Arquivo pdf das páxinas referentes á especie *Circus pygargus* L. do documento técnico denominado "Plan Integral de Conservación da Gataformela (*Circus cyaneus* L.) e a Tartaraña cincenta (*Circus pygargus* L.)" (2009), que non se refiren de xeito detallado á localización das especies ameazadas ou á dos seus lugares de reprodución. Sinálanse, en calquera caso, as páxinas do documento orixinal que foron eliminadas atendendo ao establecido na letra h) do artigo 13 da Lei 27/2006, do 18 de xullo.

Á vista do establecido no artigo 17.2.d) da Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a información faráselle chegar á persoa interesada empregando a conta de correo electrónico que ten indicado na súa solicitude.





**Cos seguintes condicionantes:**

- I. Esta autorización é persoal e intransferible.
- II. Non se autoriza a difusión e a cesión a terceiros da información achegada sen a autorización expresa da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- III. A remisión da información non implica que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural subscriba, en parte ou na súa totalidade, o contido dos documentos achegados.
- IV. Esta autorización expídese no ámbito de competencias da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, e non exime á persoa interesada de calquera outra autorización ou obriga que poida ser necesaria para a realización das actuacións e do cumprimento doutras disposicións establecidas pola normativa sectorial correspondente.

Contra esta resolución, que non finaliza a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Asinado dixitalmente

A subdirectora xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas

Susana Cuesta Fariña

